



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

**Expte: 2025/G007/000007**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dezanove horas e trinta minutos do día seis de marzo de dous mil vinte e cinco, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 93 de data 6 de marzo/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENZA.-**

Se ratifica a urxenza por maioría en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros dado a necesidade de axilizar os trámites e cumprir os prazos estipulados polos expedientes.

### **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 25.02.2025 (ORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 25.02.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **3º.- RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR JOSÉ CARLOS COUCE ANEIROS. AUTORIZACIÓN Nº 55.-**

“En data 20/02/2025, rexistrase co número 20250000000328, escrito presentado por José [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] co DNI [REDACTED] solicitando vado para acceso ao inmovible situado no Lugar de Taraza, nº 28, Meirás, Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local de data do 24 de febreiro de 2025, no que relata:

*“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza en Lg. Taraza, 28 – Meirás (Valdoviño), y que se identifica con el número de referencia catastral 5771302NJ6257S0001FZ, tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina Travesía de Taraza y que se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.3.0179.---*

*El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número 28 del lugar de Taraza – Meirás (Valdoviño), será de cuatro metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número de activo 1C.3.0179).—*

*Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.—*

*Se adjuntan dos fotografías.--“*

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

“Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar ao solicitante [REDACTED] co DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso ao inmovible situado no Lugar de

Taraza, nº 28, Meirás, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 55 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

**Segundo.-** Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de catorce euros con setenta e seis céntimos (**14,76 €**); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

**Terceiro.- Expedir** o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/”*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/V008/000001).**

#### **4º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/3.**

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

##### **APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/3**

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2025/3 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 15 facturas ascende á cantidade de CIENTO NOVENTA MIL DEZASETE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (190.017,03 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto que a factura número FV01 24146162411256 emitida por Gerimedical, S. L. en data 15/12/2024 por importe de 3.022,49 euros é unha obriga debidamente adquirida no exercicio anterior e ademais con obxecto subvencionada pola Deputación Provincial de A Coruña que debe ser xustificada antes da finalización do presente mes de marzo.

Vista a solicitude de data 21/02/2025 de cesión de dereito de cobro das facturas emitidas por Atendo Calidade, S. L. números E25/6 e E25/5 por importes de 6509,60 euros e 65780,81 euros, respectivamente a favor da financeira Borrox Finance, S. L. e considerando que a mesma cumpre os requisitos formais para a tramitación do endoso (solicitude asinada por cedente e cesionario indentificando as facturas, copia de poderes suficientes e identificación dos representantes de ambas entidades).

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

##### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2025/3 por importe bruto de

190.017,03 euros.

**SEGUNDO.- APROBAR** a factura número FV01 24146162411256 emitida por Gerimedical, S. L. en data 15/12/2024 por importe de 3.022,49 euros.

**TERCEIRO.- APROBAR** o endoso das facturas números E25/6 e E25/5 con número de rexistros contables F/2025/292 e F/2025/291 e importes de 6509,60 euros e 65780,81 euros emitidas por Atendo Calidade, S. L. a favor de Borrox Finance, S. L. (CIF nº B87774931)

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/000042).**

#### **5º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANIMO.-**

##### **A.-Licenza de edificación.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 189/2024 Tedec 2024/U022/000009**

**.- Expte. de obras 189/2024.** [REDACTED] **solicita licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar (inclúe peches de parcela) nunha parcela situada na Avenida Gandara de abaixo, 51, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº 9393116NJ6299N0001HJ).**

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto Fernando Martínez López e achegado o 24/05/2024.
- Documentación complementaria redactada polo mesmo arquitecto e achegada o 07/08/2024 e o 17/10/2024.
- Proxecto Básico refundido de vivenda unifamiliar redactado polo mesmo arquitecto, achegado o 25/11/2024 e que substitúe a toda a documentación anterior.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO URBANO. ZONA RESIDENCIAL de ORDENACIÓN ABERTA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal con data 28/02/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico do secretario municipal con data 05/03/2025 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] **licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar (inclúe peches de parcela)** nunha parcela situada na **Avenida Gandara de abaixo, 51, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº 9393116NJ6299N0001HJ)**.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á **documentación técnica achegada** e asinada pola arquitecta Ana María García Lombardía, **ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto municipal** (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 28 de febreiro de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1.113,39 € ICIO.- 5.121,63 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcadía transcrita (Expediente 2024/U022/000009).**

#### **B.- Licenza de edificación.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 218/2024 Tedec 2024/U022/000010**

**.- Expte. de obras 218/2024.-** [REDACTED] **solicita licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar** nunha parcela situada no lugar de **A Pedreira, 11 parroquia de Pantín, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº 15088A034002860000HZ)**.

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar aillada redactado pola arquitecta Ana María García Lombardia e achegado o 20/06/2024.
- Modificado de proxecto básico de vivenda unifamiliar aillada redactado pola mesma arquitecta achegado o 22/11/2024 e que substitúe ao anterior.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Ana María García Lombardia achegado o 22/11/2024.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal con data 28/02/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico do secretario municipal con data 28/02/2025 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] solicita licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar nunha parcela situada no lugar de **A Pedreira, 11 parroquia de Pantín, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº 15088A034002860000HZ).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Ana María García Lombardia, ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 28 de febreiro de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1.122,70 € ICIO.- 5.164,42 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U022/000010).

**C.- Licenza de edificación.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 1/2025 Tedec 2025/U026/000001**

**.- Expte. de obras 1/2025.-** [REDACTED] solicita licenza para a **demolição de muro de contención e de local auxiliar** nunha parcela situada no **Lugar de Figaredo, nº 14, parroquia de Pantín, (referencia catastral nº 15088A046013630000HS).**

Vista a documentación achegada, que consiste en:

- Proxecto de demolição de muro para cesión a viais redactado pola arquitecta Paula Valea González, colexiada núm. 3.942 no COAG achegado ao expediente xunto coa solicitude.
- Documentación técnica asinada pola mesma arquitecta e achegada ao expediente o día 14.02.2025 (núm. rex. 202599900000208)
- Nomeamento de técnica directora asinado pola mesma arquitecta.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto técnico municipal con data 25/02/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] licenza para a **demolição de muro de contención e de local auxiliar** nunha parcela situada no **Lugar de Figaredo, nº 14, parroquia de Pantín, (referencia catastral nº 15088A046013630000HS).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Paula Valea González, **ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto técnico municipal** (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 25 de febreiro de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 30,05 € ICIO.- 77,63 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras. **O inicio das mesmas non poderá exceder de 6 meses e o remate de 1 ano.**

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/U026/000001).**

**D.- Licenza de edificación.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 249/2024 Tedec 2024/U026/000239**

**.- Expte. de obras 249/2024.- [REDACTED] solicita licenza para as obras de legalización de incremento de altura de cuberta de vivenda unifamiliar e obras de remate exterior (acondicionamento de fachada) nunha parcela situada no Lugar de Porto de Arriba núm. 9, parroquia de Vilarrube, (referencia catastral n° 001802300NJ73B0001XJ).**

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto de legalización e acondicionamento de fachadas de vivenda existente redactado pola arquitecta Mónica Lourido Vázquez, colexiada núm. 4.192 no COAG, visado o día 05.08.2024 e achegado xunto coa solicitude de licenza.
- Reformado do proxecto anterior, redactado pola mesma técnica, visado o día 31.01.2025 e achegado ao expediente o día 31.01.2025 (núm. rex. 202599900000141)

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto técnico municipal con data 20/02/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] **licenza para as obras de legalización de incremento de altura de cuberta de vivenda unifamiliar e obras de remate exterior (acondicionamento de fachada)** nunha parcela situada no **Lugar de Porto de Arriba núm. 9, parroquia de Vilarrube, (referencia catastral nº 001802300NJ73B0001XJ).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á **documentación técnica achegada** e asinada pola arquitecta Mónica Lourido Vázquez, **ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto técnico municipal** (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 20 de febreiro de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 47,83 € ICIO.- 220,03 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que será de 12 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcadía transcrita (Expediente 2024/U026/000239).**

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dezanove horas e cincuenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*